



Os traballos que entren a concurso han de estar subtitulados ao galego ou castelán no caso de non ser a VO en calquera destes dous idiomas.

Os capítulos proxectaranse entre os días 25 e 26 de abril no Auditorio do Pazo da Cultura do Concello de Carballo.

XURADO

O xurado estará composto por diferentes profesionais do mundo das webseries, do audiovisual e da cultura, así como de representantes de asociacións profesionais relacionadas co sector.

Os membros do xurado daranse a coñecer a través da páxina web do festival.

A decisión do xurado é inapelable.

PREMIOS

Os premios outorgados serán os seguintes:

MELLOR WEBSERIE DE IMAXE REAL	1.500 euros e trofeo
MELLOR WEBSERIE DE ANIMACIÓN	1.500 euros e trofeo
MELLOR WEBSERIE GALEGA	1.000 euros e trofeo
PREMIO DO PÚBLICO	1.000 euros e trofeo
MELLOR ACTRIZ	trofeo
MELLOR ACTOR	trofeo

Os trofeos serán obras orixinais do artista plástico David Méndez Alonso creadas exclusivamente para o festival.

Os premios estarán suxeitos ás posibles retencións fiscais que a lei estableza.


O público asistente ás proxeccións elixirá o premio do público mediante un sistema de votación por papeletas.

As webseries galegas poderán optar a ambos os premios (Mellor Webserie e Mellor Webserie Galega) segundo o criterio da organización do festival. En todo caso só poderán optar ao premio á MELLOR WEBSERIE GALEGA aqueles traballos cuxa **versión orixinal sexa en lingua galega**.

En caso de que o xurado decida que dúas webseries resultan premiadas na mesma categoría a dotación económica repartirase a partes iguais entre as gañadoras.

Ningún dos organizadores do festival poderán presentar traballos, en caso de telos, a concurso.

Os/as autores/as dos traballos premiados ou algún representante destes deberán estar



presentes na entrega de premios que terá lugar o **sábado 26 de abril**. O festival comunicará a decisión con tempo abondo para organizar a asistencia e farase cargo dos gastos de desprazamento e aloxamento dos/as premiados/as.

COMUNICACIÓN E PRENSA

O festival resérvase o dereito de tomar unha mostra das webseries seleccionadas para usar no tráiler oficial, ademais do dereito sobre o uso dos materiais (fotogramas/fotografías/cartel, etc.) para a promoción (programa impreso, cartel, prensa, internet, redes sociais, etc.) deste.

DEREITOS DE EXHIBICIÓN

O festival presupón que os/as titulares das webseries presentadas ostentan todos os dereitos de exhibición e promoción das obras e materiais presentados e declina calquera responsabilidade respecto á infracción desta norma. Ao enviar os materiais a concurso os/as titulares/as están de acordo en ser os/as propietarios/as e a estar autorizados a utilizar todos os dereitos sobre a música, vídeo e efectos que figuran na webserie. O festival non se fará responsable das reclamacións que xurdan do incumprimento do creador/a ou produtora que presente a webserie de non posuír axeitadamente os dereitos sobre o material que envíe.

ACEPTACIÓN DAS CONDICIÓNIS

A solicitude de inscrición para participar na I edición do CARBALLO INTERPLAY implican a aceptación destas bases.



#QuedamosEnCarballo




FICHA DE INSCRIPCIÓN

FICHA TÉCNICA	
Título da serie	
Páxina web oficial	
Idioma orixinal	
Imaxe real ou animación	
Ligazóns	1/ 2/
Xénero	
Lugar de produción	

Creador/a(s)	
Dirección	
Guión	
Produción	
Fotografía	
Banda sonora orixinal	
Elenco	
Sinopse breve	
Outros premios obtidos	
Outros datos de interese	

DATOS DE CONTACTO	
Nome do representante	
Data e lugar de nacemento	
Enderezo postal	
Teléfonos de contacto	
Correo electrónico	



PERFÍS EN LIÑA	
Facebook	
Twitter	
Youtube	
Vimeo	
Instagram	
Outro/s	

NOTA: Imprescindible o correo electrónico e o número de teléfono do/a responsable, xa que todas as comunicacións se realizarán a través do correo e do teléfono.

Esta ficha debe enviarse xunto con **dúas fotografías ou fotogramas da webserie e un cartel ou imaxe promocional** (JPG 300ppp) e o **documento de identidade escaneado** do/a representante da webserie ou no seu caso **CIF da produtora** ao enderezo de correo electrónico: direccion@carballointerplay.com